



## Concello de Xinzo de Limia

### NOTIFICACION COLECTIVA DECRETO DE ADMISIÓN, BAREMACIÓN, SELECCIÓN E REQUERIMENTO DE DOCUMENTACIÓN CONCURSO DE MÉRITOS CONTRATO TEMPORAL DE SUBSTITUCIÓN PROFESOR/A DE GUITARRA DO CONSERVATORIO MUNICIPAL DE XINZO DE LIMIA

Por Decreto de Alcaldía de data 27/02/2026 resolveuse:

#### **“DECRETO DE ADMISIÓN, BAREMACIÓN, SELECCIÓN E REQUERIMENTO DE DOCUMENTACIÓN CONCURSO DE MÉRITOS CONTRATO TEMPORAL DE SUBSTITUCIÓN**

#### **PROFESOR/A DE GUITARRA DO CONSERVATORIO MUNICIPAL DE XINZO DE LIMIA**

Vista a urxente e inaprazable necesidade de proceder á cobertura temporal da praza vacante de profesor/a guitarra do conservatorio municipal de música en tanto se leva a cabo o proceso de selección para a cobertura definitiva mediante persoal laboral fixo discontinuo.

Vista a proposta da Comisión Avaliadora de data 26/02/2026, relativa ao concurso para a selección e contratación dun/ha **profesor/a de guitarra** mediante contrato de substitución, realizada segundo o procedemento abreviado recollido na base sétima das bases xerais para a selección e aprobación de bolsas de emprego de persoal laboral temporal, publicadas no BOP de Ourense n.º 152 de 11/08/2025, e que se recolle na acta de valoración de méritos do seguinte teor literal:

#### **“ACTA COMISIÓN SELECCIÓN DUN/DUNHA PROFESOR/A DE GUITARRA DO CONSERVATORIO MUNICIPAL PARA A CELEBRACIÓN DUN CONTRATO DE SUBSTITUCIÓN DA PERSOA TRABALLADORA DURANTE O PROCESO DE SELECCIÓN PARA A COBERTURA DEFINITIVA DO POSTO**

Reunida a Comisión Avaliadora designada por Decreto da Alcaldía de 12/02/2026 na Sala de Xuntas da Casa do Concello, entendéndose o Tribunal validamente constituído en virtude do artigo 17.2 da Lei 40/2015, sendo as 9.30 horas do día **26 de febreiro de 2026**, procédese ao exame da documentación presentada polos/as aspirantes para tomar parte no proceso **de contratación temporal dun/dunha profesor/a de guitarra** aplicando o procedemento de selección abreviado recollido na base sétima das bases xerais para a selección e aprobación de bolsas de emprego de persoal laboral temporal, publicadas no BOP de Ourense n.º 31 de 16/02/2026, habida conta da urxente necesidade e dado que todavía non foi posible a constitución de bolsas, axustándose ó sistema de baremos en vigor recollido nas citadas bases xerais e no Decreto de data 12/02/2026.

| Nº | REXISTRO      | DATA       | NOME   | APELIDOS      | DNI       | PROBA DE GALEGO                |
|----|---------------|------------|--------|---------------|-----------|--------------------------------|
| 1  | 2026-E-RE-312 | 19/02/2026 | DIEGO  | DÍAZ CALVO    | ***1697** | Acredita coñecemento de galego |
| 2  | 2026-E-RE-335 | 23/02/2026 | MANUEL | PÉREZ VÁZQUEZ | ***8626** | Acredita coñecemento de galego |





## Concello de Xinzo de Limia

|   |               |            |           |                    |           |                                |
|---|---------------|------------|-----------|--------------------|-----------|--------------------------------|
| 3 | 2026-E-RE-353 | 24/02/2026 | ÁNGEL     | SAAVEDRA AROZAMENA | ***1349** | Acredita coñecemento de galego |
| 4 | 2026-E-RE-345 | 24/02/2026 | ALEJANDRO | RODRÍGUEZ DURÁN    | ***4650** | Acredita coñecemento de galego |

O Tribunal admite a todos os aspirantes e procede ao exame da documentación presentada para tomar parte no mentado concurso de méritos resultando a seguinte baremación:

### **BAREMACIÓN:**

| Nº REXISTRO   | DATA       | NOME      | APELLIDOS          | DNI       | EXPERIENCIA PROF. |     | MÉRITOS ACADÉMICOS |   | Puntuación total |
|---------------|------------|-----------|--------------------|-----------|-------------------|-----|--------------------|---|------------------|
|               |            |           |                    |           | a                 | b   | a                  | b |                  |
| 2026-E-RE-312 | 19/02/2026 | DIEGO     | DÍAZ CALVO         | ***1697** |                   | 1,1 | 1,5                |   | 2,6              |
| 2026-E-RE-335 | 23/02/2026 | MANUEL    | PÉREZ VÁZQUEZ      | ***8626** |                   | 0,7 |                    |   | 0,7              |
| 2026-E-RE-353 | 24/02/2026 | ÁNGEL     | SAAVEDRA AROZAMENA | ***1349** | 4,65              |     | 1,7                |   | 6,35             |
| 2026-E-RE-345 | 24/02/2026 | ALEJANDRO | RODRÍGUEZ DURÁN    | ***4650** |                   |     |                    |   | 0                |

### **Proposta do Tribunal:**

#### ***Efectúase a seguinte proposta á alcaldía:***

Proceder á contratación temporal da aspirante don Ángel Saavedra Arozamena, con DNI \*\*\*1349\*\*, segundo o indicado no Decreto de Alcaldía de data 12.02.2026.

Non sendo outro o obxecto da sesión rematase esta reunión ás 10:00 h, e esténdese a presente no lugar e data arriba indicados, manifestando a súa conformidade os membros da Comisión de Valoración mediante a sinatura da presente acta.”

Considerando que a proposta axústase ó sistema de baremos en vigor recollido nas citadas bases xerais e no Decreto de Alcaldía de data 12/02/2026, e máis os requisitos específicos sinalados no anuncio da convocatoria, publicado no BOP de Ourense n.º 31 de 16/02/2026.

Considerando que os dous aspirantes con maior puntuación presentaron renuncia.

Considerando que a tramitación do expediente axustase ós requisitos mínimos esixidos pola lexislación sobre a materia.

Pola presente e de conformidade coas facultades conferidas á Alcaldía polo artigo 41.14 do R.D. 2568/1986 así como no artigo 21.1 h) da lei 7/85 reguladora das bases do réxime local, **veño en resolver:**

1º.- Admitir a todos os aspirantes e outorgar a seguinte puntuación ós mesmos:





## Concello de Xuzo de Limia

| ORDEN DE<br>PRELACIÓN | NOME      | APELLIDOS            | DNI       | EXPERIENCIA<br>PROF. |     | MÉRITOS<br>ACADÉMICOS |   | PUNTUACIÓN<br>TOTAL |
|-----------------------|-----------|----------------------|-----------|----------------------|-----|-----------------------|---|---------------------|
|                       |           |                      |           | a                    | b   | a                     | b |                     |
| 1ª                    | ÁNGEL     | SAAVEDRA<br>ARZAMENA | ***1349** | 4,65                 |     | 1,7                   |   | 6,35                |
| 2ª                    | DIEGO     | DÍAZ CALVO           | ***1697** |                      | 1,1 | 1,5                   |   | 2,6                 |
| 3ª                    | MANUEL    | PÉREZ VÁZQUEZ        | ***8626** |                      | 0,7 |                       |   | 0,7                 |
| 4ª                    | ALEJANDRO | RODRÍGUEZ DURÁN      | ***4650** |                      |     |                       |   | 0                   |

2º.- Aceptar a renuncia solicitada polo aspirante seleccionado en primeiro lugar, don Ángel Saavedra Arzamena

3º.- Aceptar a renuncia solicitada polo segundo aspirante con maior puntuación, don Diego Díaz Calvo.

4º.- Seleccionar ó terceiro aspirante con maior puntuación, don Manuel Pérez Vázquez, con DNI \*\*\*8626\*\*, para a realización dun contrato laboral temporal de SUBSTITUCIÓN (profesor de guitarra do conservatorio municipal, categoría B21), indicando que este contrato laboral temporal de substitución permanecerá vixente ata que se proceda á cobertura definitiva do posto de profesor de guitarra por persoal laboral fixo discontinuo tras a realización do correspondente proceso selectivo, sen que en ningún caso a duración do contrato laboral temporal de substitución poida exceder dos tres anos.

5º.- Sinalar ó candidato seleccionado que deberá achegar antes da respectiva contratación nun prazo non superior a tres días hábiles dende a publicación desta resolución a seguinte documentación de non tela achegado anteriormente :

- Fotocopia da cartilla de afiliación á Seguridade Social.
- Certificado do Nº de Conta Bancaria para facer o ingreso da nómina.

6º.- Publicar a presente resolución no taboleiro de anuncios do Concello, na sede electrónica e na páxina web, expresando o réxime de recursos que contra a mesma caiban.”

### **RECURSOS:**

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poden interpor alternativamente recurso de reposición potestativo ante á Alcaldía, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da presente notificación, de conformidade cos artigos 123 y 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Ourense, no prazo de dous meses, a contar dende o día seguinte á recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se optase por interpoñer recurso de reposición potestativo, non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se teña producido a súa desestimación por silencio administrativo. Igualmente poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren procedente y sexa conforme a dereito.

### **DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE**

